



Apuntes arredor de *Todos ao balcón!* (Farsa para marionetas)

¡Veñan todos! A farsa é curiosa  
o enredo comprensible;  
a música deliciosa  
e a moral... moi admisible

[Tomás Borrás: *Fantochines*]

Os antecedentes deste forma teatral atopámoslos no teatro clásico de Aristófanes e Plauto e nos mimos latinos. Na farsa, sen dúbida, habita o espírito máis transgresor e subversivo do *teatro popular*. O grotesco, o bufonesco, a crítica a través do humor, o sarcasmo..., en resume, todo o non considerado “politicamente correcto”. Todos os aspectos máis controvertidos da sociedade asoman a través de personaxes que aínda actuando de maneira “extravagante” manteñen a credibilidade e a verosimilitude.

*Todos o balcón!!* inspirase nos escritos en galego e en castelán da literatura peninsular.

Entre todos os autores - Valle Inclán, Jacinto Grau, Tomás Borrás, Cesar Muñóz Arconada, Rafael Dieste etc. - dous son fundamentais, Eduardo Blanco Amor e as súas *Farsas para títeres* (Ed. do Castro 1993 con ilustracións de Luis Seoane) e Federico García Lorca con *Los títeres de Cachiporra - Tragicomedia de don Cristobal y la señá Rosita*. Edición de Anabella Cardinall y Christian de Paepe / Catedra - Letras hispánicas.

Eduardo Blanco Amor escribe en 1953 *Farsas para títeres* na “diáspora”, no exilio motivado pola Guerra Civil que tan graves consecuencias tivo para a cultura galega. Castelao, Díaz Pardo, Luis Seoane, Rafael Dieste (que comparte con Federico García Lorca *As misións pedagóxicas*), José Suarez realizan a súa obra lonxe de Galiza.



Na representación do texto de Federico García Lorca ademais das marionetas e decorados realizados por Hermenegildo Lanz atopamos a Manuel de Falla que como acompañamento musical da obra de Lorca estrenou *La historia de un soldado*, de Stravinski.

*Todos o balcón!!* trata de recoller a tradición do teatro de títeres popular europeo. Nun retablo como os que se contemplaban nas festas e feiras que achegaban a través da *cachiporra* a crítica ao poder tanto eclesiástico como civil. Viaxamos pola cultura europea. A *cachiporra* que é unha parte máis do corpo *Pulcinella*, personaxe da *Commedia dell'Arte* que se estende por toda Europa emparentando ao *Punch* inglés, o *Guignol* francés, o *Kasperek* checo co *Don Cristóbal* español, o *Pericu* catalán, o *Dom Roberto* portugués... e o *Barriga Verde* galego.

A farsa intégrase na corrente de subversión e de renovación que recorre todo o convulso século XX. En todas as disciplinas artísticas xorden movementos que significan ruptura coa vella orde e a aparición das vangardas. Un século marcado pola aparición da imaxe animada que influirá nos modos de ser e estar no mundo.